



## REGULAMENTO DE BOLSAS DE COLABORACIÓN PARA FORMACIÓN NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Universidade da Coruña leva a cabo unha política de bolsas de colaboración para formación para os seus estudantes co obxecto de fortalecer a súa formación práctica en diversos campos. A través do presente regulamento, instrúntanse e regúlanse as bolsas de colaboración en órganos, unidades e servizos da Universidade da Coruña.

O *Regulamento de bolsas na Universidade da Coruña*, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007 e modificado na sesión do 31 de outubro de 2007, regula as bolsas de investigación e de colaboración na Universidade da Coruña. O Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o *Estatuto do estudante universitario* e o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro (BOE núm. 259 do 27 de outubro), polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, poñen de manifesto a necesidade de que o *Regulamento de bolsas de colaboración para formación* da Universidade da Coruña se actualice de acordo coa mencionada normativa.

### CAPÍTULO PRIMEIRO

#### CONCEPTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN E NATUREZA

##### ARTIGO 1. OBXECTO

1. As bolsas de colaboración para formación teñen como finalidade a formación dos estudantes da Universidade da Coruña a través da colaboración que poidan prestar á comunidade universitaria en labores que se axusten a determinadas áreas definidas en cada convocatoria nos órganos, unidades e servizos da Universidade da Coruña. O obxectivo é permitir que se inicien en tarefas relacionadas cos seus estudos e que lles poida ser de utilidade como aprendizaxe práctica nun contorno real, no seo dunha organización coas características e complexidade como a universitaria para facilitar a súa futura inserción no mercado de traballo. As persoas beneficiarias das ditas bolsas recibirán unha axuda económica, en réxime de compatibilidade cos seus estudos.
2. A Universidade da Coruña, a través da vicerreitoría competente en materia de estudantes e por proposta dos órganos, unidades ou servizos universitarios, poderá convocar bolsas de colaboración para facilitar a participación dos estudantes universitarios no desenvolvemento das actividades que organiza, así como para apoiar e colaborar no desenvolvemento das funcións que estes teñen encomendadas.
3. Deberán cumprir os preceptos desta normativa todas as convocatorias propias de bolsas de colaboración de formación da Universidade da Coruña, independentemente do seu financiamento. Para iso, o presente regulamento establece as bases que deben regular as ditas convocatorias,



en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade, obxectividade e publicidade e segundo os criterios económicos e patrimoniais que se establezan na convocatoria.

4. As funcións que desenvolvan as persoas bolseiras non poderán corresponder ás establecidas como propias no catálogo de funcións do persoal de administración e servizos. En todo caso, estarán orientadas á aprendizaxe e ao desenvolvemento práctico de competencias e habilidades como, entre outras, o traballo en equipo, a comunicación, a relación con clientes/usuarios ou as competencias informáticas, no ámbito concreto da actividade que se realice dentro da unidade de adscrición do/a bolseiro/a.
5. As funcións da persoa bolseira quedarán establecidas no momento da convocatoria da bolsa e serán as propias dunha figura desta natureza, referíndose á colaboración e ao apoio no desenvolvemento das actividades indicadas nos destinos previstos en cada convocatoria.

## ARTIGO 2. RELACIÓN XURÍDICA

1. A condición de bolseiro de colaboración en ningún caso implica a existencia de relación contractual entre a Universidade da Coruña e o bolseiro, nin presupón compromiso ningún de contratación posterior. Non suporá máis compromiso que o regulado na presente normativa e na convocatoria de cada bolsa, e delas non se derivará ningunha obriga propia dun contrato laboral.
2. De conformidade co previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro (BOE núm. 259 do 27 de outubro), as actividades realizadas polas persoas beneficiarias das bolsas non suporán relación laboral ou funcional ningunha coa Universidade da Coruña, nin terán a consideración de servizos previos ou efectivos nas administracións públicas.
3. As persoas beneficiarias destas bolsas estarán incluídas no Réxime Xeral da Seguridade Social, de acordo co establecido no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro (BOE núm. 259 do 27 de outubro), polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social.
4. A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para os efectos.

## ARTIGO 3. INCOMPATIBILIDADES

1. Durante o seu aproveitamento, a bolsa resultará incompatible con calquera outra axuda económica. Non serán incompatibles as bolsas reguladas neste regulamento coas bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para titulacións universitarias outorgadas pola Administración Xeral do Estado e pola Administración Autonómica ou coas da propia Universidade da Coruña.
2. Todas as bolsas serán incompatibles con calquera actividade retribuída que supoña a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por



cento do salario mínimo interprofesional. Para tales efectos, poderáselle solicitar á persoa interesada unha certificación da Axencia Tributaria acreditativa do seu nivel de rendas.

## CAPÍTULO SEGUNDO

### CONVOCATORIAS E REGLAS DE PROCEDIMENTO

#### ARTIGO 4. PROCEDIMENTO

1. Por proposta do órgano do que dependa cada servizo, a Universidade da Coruña mediante resolución reitoral poderá convocar bolsas de colaboración, a través da vicerreitoría competente en materia de estudantes. O órgano que propoña indicará por escrito, con precisión e baixo a súa responsabilidade, as actividades que se asignarán á persoa titular da bolsa de colaboración, que só poderán ser estritamente formativas e non consistentes en tarefas propias do persoal de administración e servizos e do persoal docente e investigador.
2. Daráselle a esta convocatoria a máxima difusión posible mediante a súa publicación no apartado específico de bolsas da páxina web da Universidade da Coruña e a convocatoria publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC. Concederase un prazo mínimo de seis días hábiles para a presentación de solicitudes. Finalizado este prazo, publicarase unha listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas e darase un prazo non inferior a catro días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo, procederase á resolución da solicitude da bolsa e á súa publicación no lugar en que se publicou a convocatoria nun tempo máximo de vinte días hábiles. Contra esta resolución poderán presentarse os recursos administrativos previstos na lexislación administrativa vixente.
3. A convocatoria establecerá una plataforma telemática para achegar a documentación que, en cada caso, requiran as bases. A solicitude poderá presentarse telematicamente ou a través de calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma que o substitúa.
4. A comisión encargada de valorar as solicitudes será a Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno.
5. O reitor, por proposta do órgano correspondente, nomeará o bolseiro e dispoñerá que se lle estenda a credencial.

#### ARTIGO 5. PLAN DE FORMACIÓN

Previamente á convocatoria das bolsas de colaboración, a vicerreitoría competente en materia de estudantes pediralles aos órganos da Universidade da Coruña que soliciten unha bolsa de colaboración un plan formativo, onde se concretará a formación que recibirán as persoas beneficiarias delas.



O plan de formación deberá conter, como mínimo, os seguintes puntos:

- a. obxecto e alcance do proxecto
- b. competencias e habilidades que deben adquirir as persoas beneficiarias
- c. titor responsable da formación
- d. seguimento e avaliación da formación

#### ARTIGO 6. PROTECCIÓN DE DATOS

A solicitude dunha bolsa de colaboración da Universidade da Coruña implica a aceptación do contido deste regulamento e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola Universidade da Coruña, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co fin da correcta xestión das bolsas. Os datos persoais facilitados polo estudante quedarán incorporados nos ficheiros de usuarios, de acordo co establecido na citada lei orgánica.

#### ARTIGO 7. RENUNCIA

1. As persoas bolseiras poderán renunciar en calquera momento á bolsa de colaboración que veñan gozando. Para formalizar a súa renuncia, deberán facelo por escrito cunha antelación mínima de quince días naturais á data da baixa, agás causas de forza maior. Isto permitirá a adxudicación da dita bolsa, e polo resto da súa vixencia, á persoa solicitante que no proceso selectivo obtivera a seguinte mellor puntuación.
2. Se iniciou o período de goce da bolsa, a renuncia suporá a supresión das percepcións económicas inherentes a ela desde a data en que a renuncia sexa efectiva.
3. Ademais, os candidatos que resulten adxudicatarios das bolsas convocadas poderán renunciar a tal nomeamento antes de comezar o seu aproveitamento, comunicándoo por escrito, e procederase a chamar o primeiro suplente, se o houbese.
4. Deberá renunciar á bolsa de colaboración toda persoa beneficiaria que durante o período de aproveitamento desta deixe de cumprir os requisitos específicos da modalidade de bolsa correspondente e cando incorra nalguna das incompatibilidades establecidas na presente normativa.

#### ARTÍCULO 8. REVOCACIÓN

1. Os posibles casos de incumprimento da persoa bolseira das funcións de colaboración e prestacións da bolsa especificadas na convocatoria serán inmediatamente comunicados á vicerreitoría competente en materia de estudantes polas persoas responsables dos órganos, unidades ou servizos universitarios para os efectos da apertura de expediente e revogación, de ser o caso, da bolsa concedida. Estes responsables deberán emitir un informe en que dean a coñecer as circunstancias do dito incumprimento e, de ser o caso, instando á revogación da bolsa á vicerreitoría competente en materia de estudantes, quen remitirá, de ser o caso, a proposta de revogación ao reitor, logo da audiencia coa persoa bolseira.



2. Son causas de revogación dunha bolsa de colaboración da Universidade da Coruña:
  - a. Non cumprir coas obrigas establecidas na presente normativa e nas bases da convocatoria correspondente, que deberá resolver o órgano competente, de acordo co informe xustificativo do dito incumprimento, emitido e asinado pola persoa responsable do órgano, unidade ou servizo universitario correspondente.
  - b. Seguir gozando da bolsa sen ter dereito a iso nin renunciar a ela, o que implicará a obriga por parte da persoa beneficiaria de reintegrar á Universidade da Coruña as cantidades indebidamente percibidas, sen prexuízo das accións legais que poidan ser emprendidas pola Universidade da Coruña.
  - c. A anulación da matrícula por falta de pago desta ou dalgún dos seus prazos. Isto suporá a inmediata revogación da bolsa de colaboración, sen prexuízo das accións legais que poidan ser emprendidas pola Universidade da Coruña.
  - d. A ocultación ou falsidade de datos ou documentos que servisen de base para a concesión da bolsa de colaboración, debendo reintegrar á Universidade da Coruña a totalidade das cantidades percibidas polo dito concepto, sen prexuízo das accións legais que poidan ser emprendidas pola Universidade da Coruña.

## CAPÍTULO TERCEIRO

### DOS BOLSEIROS DE COLABORACIÓN

#### ARTIGO 9. DEREITOS DO BOLSEIRO DE COLABORACIÓN

1. As persoas beneficiarias dunha bolsa teñen dereito a percibir a axuda económica expresamente recollida na convocatoria correspondente, que en ningún caso terá a natureza de salario. O pagamento da bolsa distribuirase en pagos mensuais, aos que se lles aplicarán as deducións tributarias e as cotizacións sociais que puidesen corresponder (Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e Seguridade Social).
2. Ademais, as persoas beneficiarias dunha bolsa terán dereito a:
  - a. Un responsable da súa titorización, que tamén o será da súa formación, coordinando e orientando a súa actividade, e supervisando que se respecten os seus dereitos e que cumpra coas súas obrigas.
  - b. O apoio necesario para desenvolver as actividades obxecto da bolsa.
  - c. Que a prestación dos servizos contribúa á súa formación académica e/ou ao seu desenvolvemento persoal e social, e que comporte a adquisición de competencias e habilidades.
  - d. A compatibilidade coa súa actividade académica, de representación e participación, debendo comunicar ao seu titor con suficiente antelación estas actividades.
  - e. Información de todas as cuestións relacionadas coa súa actividade, así como dos criterios obxectivos conforme aos que se avaliará a memoria que deberá presentar.



- f. Un certificado acreditativo das tarefas desenvolvidas e o período de aproveitamento unha vez rematado o prazo de duración da bolsa.
- g. Gozaren de calquera outro dereito recollido expresamente na correspondente convocatoria pública da bolsa e calquera outro recoñecido polos Estatutos da Universidade da Coruña e pola lexislación vixente.

#### ARTIGO 10. DAS OBRIGAS DA PERSOA BOLSEIRA

1. Asinar a aceptación e as condicións da bolsa.
2. Incorporarse ao seu centro de destino na data indicada na convocatoria ou na concesión, salvo autorización expresa de quen convoque para facelo noutro momento. A falta de incorporación, ou a inasistencia ulterior inxustificada, interpretarase como renuncia á bolsa.
3. Realizar con aproveitamento todas as actividades que se lle encomenden, de acordo co obxecto da convocatoria pública da bolsa e seguindo as instrucións da persoa responsable da súa titorización.
4. Informar e responder da súa actividade. Ao remate da bolsa deberá entregar unha memoria avalada pola persoa responsable da súa titorización, quedando condicionado o último pago da bolsa á entrega e aprobación da memoria.
5. Facer uso adecuado das instalacións e dependencias universitarias.
6. Cumprir os deberes que poidan vir establecidos na correspondente convocatoria pública da bolsa e no presente regulamento para a concesión e goce da bolsa, tendo presente o réxime de compatibilidade cos seus estudos.
7. Non poderá ocupar postos nin do persoal de administración e servizos nin do persoal docente e investigador ou que supoñan a realización de labores propios deste persoal.
8. Non gozará de exención dos prezos públicos universitarios, salvo que a convocatoria que orixine o nomeamento, ademais de proceder dun organismo público, inclúa expresamente esta previsión e reciba conformidade previa do reitor.
9. Non poderá ocupar, nin sequera transitoriamente, cargo universitario ningún, agás que se trate de cargos para os que exista autorización expresa dos Estatutos da Universidade da Coruña, ben por se tratar de órganos abertos á provisión por calquera membro da comunidade universitaria, ou ben por ser cargos derivados da condición de representantes do estudantado.
10. Non realizará actividades que non estean relacionadas especificamente co obxecto da bolsa.
11. Manter a confidencialidade respecto aos asuntos que coñeza no desenvolvemento da bolsa de colaboración, e non dar publicidade, difundir, conservar, copiar, subtraer ou utilizar en xeral ningún documento ou información de calquera tipo que pertenza á Universidade da Coruña.
12. Calquera outra que lle sexa encomendada polos Estatutos da Universidade da Coruña e pola lexislación vixente.





## ARTIGO 11. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

1. A persoa que solicite unha bolsa de colaboración da Universidade da Coruña debe reunir os seguintes requisitos xerais para ser beneficiaria desta:
  - a. Estar matriculada e ao corrente do pagamento, durante o ano académico en que se solicite a bolsa, no ensino conducente á obtención dun título oficial da Universidade da Coruña, no curso ou ciclo da titulación que se indiquen nas correspondentes convocatorias.
  - b. Non estar en posesión nin reunir os requisitos legais para a expedición dun título universitario na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente, agás se a dita titulación é o requisito académico para continuar os estudos na Universidade da Coruña.
  - c. Reunir os requisitos, académicos e/ou económicos, establecidos en cada unha das convocatorias.
2. Non poderá solicitar unha bolsa de colaboración a persoa que gozase con anterioridade doutra bolsa de colaboración da Universidade da Coruña.
3. Os borseiros de colaboración deberán manter a condición de estudantes dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña durante o período completo de duración da bolsa.
4. A perda da condición de estudante dalgunha das titulacións oficiais que se imparten na Universidade da Coruña supoñerá o cesamento automático da bolsa e a perda dos dereitos que esta leva consigo.
5. En cada convocatoria poderase determinar que titulación ou titulacións se requiren para poder concorrer.
6. Non incorrer en ningunha incompatibilidade das especificadas neste regulamento.

## ARTIGO 12. DURACIÓN E DEDICACIÓN

1. En ningún caso o período de aproveitamento da bolsa poderá exceder de 9 meses, e as actividades realizaranse sempre durante o período lectivo do curso académico.
2. A dedicación nas bolsas de colaboración nunca poderá ser superior a quince horas semanais, sen que o tempo de dedicación diario poida exceder de catro horas.

### *Disposición adicional primeira*

Para o que non estea disposto no presente regulamento, aplicarase con carácter subsidiario o disposto na Lei 38/2003 de subvencións, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o Real decreto 1721/2007 polo que se establece o réxime das bolsas e axudas personalizadas.



*Disposición adicional segunda*

As referencias a persoas, colectivos ou cargos académicos figuran na presente convocatoria en xénero masculino, como xénero gramatical non marcado. Cando proceda será válida a cita dos preceptos correspondentes en xénero feminino.

*Disposición adicional terceira. Desenvolvemento normativo*

Queda autorizada a vicerreitoría competente en materia de estudantes para aclarar as dúbidas que poidan xurdir na aplicación do presente regulamento, así como para ditar aquelas normas que sexan precisas para o seu desenvolvemento.

*Disposición derogatoria*

Queda derogado o Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña no relativo ás bolsas de colaboración en órganos e servizos da Universidade da Coruña a que se refire o seu artigo 1.2.c) e cantas disposicións de igual e inferior rango se opoñan ao disposto no presente regulamento.

*Disposición final*

A entrada en vigor do presente regulamento producirase ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.